XULIA VIDAL

INFORME-MEMORIA DO CONTROL ARQUEOLÓXICO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA IGREXA DE SAN MAMEDE DO CAMIÑO (SARRIA, LUGO)

C6 102A 2010 / 087-0

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

LÚNULA
Patrimonio Cultural e Arqueoloxía

ÍNDICE

01. FICHA TÉCNICA

02. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

2.1. Introdución

2.2. Marco legal

03. CONTEXTUALIZACIÓN XEOGRÁFICA DAS OBRAS

04. BREVE CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICO-PATRIMONIAL

05. CONDICIONANTES DA OBRA

05.1. Incidencia das obras no subsolo

05.2. Metodoloxía

05.3. Obxectivos

05.4. Metodoloxía

06. REXISTRO ARQUEOLÓXICO

06.1. O muro do adro

06.2. Gabia perimetral

06.3. Rebaixe para solado na zona W

06.4. Rebaixe para solado na zona S

06.5. Rebaixe para escadaría de acceso

06.6. Interior

07. CONCLUSIÓNS

08. BIBLIOGRAFÍA

09. ANEXOS

01. FICHA TÉCNICA

Título:

Informe - Memoria do Control Arqueolóxico da remoción de terras das obras de Rehabilitación da Igrexa de San Mamede do Camiño (Sarria, Lugo)

Situación:

Igrexa de San Mamede do Camiño
Lugar: Airexe – San Mamede, S/N
Freguesía: San Mamede do Camiño
Concello: Sarria
Provincia: Lugo

Autor, lugar e data de redacción do presente informe - memoria:

Xulia Vidal Ibáñez
Lúnula – Patrimonio Cultural e Arqueoloxía

Proxecto Arquitectónico, Dirección Facultativa e Promotor:

Rehabilitación da Igrexa de San Mamede do Camiño

Dirección Facultativa:
Arquitectos D. José Doncel Cerviño e D. Roberto López Piñeiro

Promotor:
Consellería de Cultura e Turismo – Xunta de Galicia
Edificio Admtvo. San Caetano, B - 3
15.781 – Santiago de Compostela

02. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

02.1. INTRODUCIÓN

O promotor da obra, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, púxose en contacto coa empresa *Lúnula – Patrimonio Cultural e Arqueoloxía* para solicitar os servizos profisionais de cara á elaboración dun proxecto de control arqueolóxico das remocións de terra derivadas das obras de *Rehabilitación da Igrexa de San Mamede do Camiño (Sarria, Lugo).*

Con data de 16 de novembro de 2009, a arqueóloga Xulia Vidal presenta dito proxecto no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia. Con data de 17 de marzo de 2010 e logo do exame do proxecto de referencia, o Servizo de Arqueoloxía emite o correspondente informe. Con data de 18 de marzo de 2010, a *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural* resolveu autorizar á arqueóloga solicitante a realización do referido proxecto de control. Con data de 7 de abril de 2010, a arqueóloga directora informou á *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural* da data de comezo da execución do devandito proxecto, que sería o 8 de abril de 2010. O fin de obra ten lugar o 1 de outubro de 2010. Con data de 11 de Outubro de 2010 a arqueóloga directora remite á Dirección Xeral de Patrimonio este informe - memoria do control arqueolóxico das remocións de terras.

02.2. MARCO LEGAL

A actuación arqueolóxica aquí referida adaptouse en todo momento ao previsto na seguinte normativa legal específica sobre a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma Galega:

- Lei 8/1995 de 30 de Outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

- Decreto 199/1997 de 10 de Xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

03. CONTEXTUALIZACIÓN XEOGRÁFICA DAS OBRAS

O municipio de **Sarria** pertence á comarca lucense do mesmo nome, nos contrafortes das Serras Orientais, ofrecendo un relevo que amosa sensación de planitude, principalmente pola chamada depresión de Sarria. Linda ao Norte con Láncara, ao Leste con Triacastela e Samos, ao Sul co Incio e ao Oeste con Paradela e O Páramo. O termo municipal posúe unha extensión de 184,56 km.^{2} e unha poboación censada no 2004 de 13.132 habitantes, distribuídos nun total de cincuenta parroquias.

Localización do concello de Sarria

As obras sometidas a control arqueolóxico afectaron a todo o perímetro inmediato da igrexa de San Mamede do Camiño, así como ao resto do adro. O templo localízase no núcleo de Airexe - San Mamede, a uns 5 km. da vila de Sarria, e a escasos 200 m. do Camiño Francés de Santiago de Compostela. A localización cartográfica da igrexa de San Mamede do Camiño responde ás coordenadas UTM X 633.442 e Y 4.737.562; as súas coordenadas xeográficas son Latitude Norte 42º 46' 41'' e Lonxitude Oeste 7º 22' 8''. A altitude sobre o nível do mar é aproximadamente de 460 metros.



Plano topográfico 1:5.000 adaptado (equidistancia curvas de nivel, 5 m.)

Ortofoto co núcleo de Airexe e o emprazamento da capela

04. BREVES CONSIDERACIÓNS HISTÓRICO-PATRIMONIAIS

Os traballos de remoción de terras afectaron á práctica totalidade da parcela que ocupa a capela. Verbo deste particular e baixo un ponto de vista patrimonial, convén lembrar que a normativa urbanística actualmente vixente para este conxunto resúmese ás *Normas Subsidiarias Provinciais de Lugo* de 1991 e ao *Documento de Aprobación inicial do PXOM de Sarria*, de 2009. Nas **normas subsidiarias provinciais** lucenses, publicadas no DOG N.º 133 do venres 12 de xullo de 1991, recóllese entre a arquitectura relixiosa do concello de Sarria a entrada "San Mamede do Camiño", na parroquia/lugar de Camiño, sen maiores indicacións. Por outra banda, no **Documento de Aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sarria**, de Maio do 2009, figura un listado de equipamentos relixiosos que inclúe como RE-081, no lugar de Airexe, a Igrexia Parroquial do Camiño (San Mamede). Porén, na relación de cemiterios e conxuntos parroquiais do concello non figura San Mamede do Camiño.

A nível historiográfico **non temos constancia da existencia de nengún estudo específico sobre a igrexa de San Mamede do Camiño**. Dito isto, tentaremos realizar unha primeira aproximación á historia deste edificio.

No **Nomenclator de Galicia** figuran case que medio centenar de entidades de poboación co topónimo "San Mamede" (NOMENCLATOR, 2003: 549-550). Porén, o filólogo Nicandro Ares afirma que nas dióceses de Santiago, Ourense, Tui, Mondoñedo e Lugo son noventa e oito as freguesías baixo a advocación de San Mamede, sen contar as ermidas actuais e desaparecidas (ARES, 1991: 165). O certo é que, de todas elas, vinteoito corresponden a nomenclaturas parroquiais da diócese de Lugo. No concello de Sarria existen tres localidades designadas con este haxiotopónimo: a freguesía de San Mamede do Camiño, a parroquia de San Mamede da Chanca e o lugar de San Mamede na freguesía de Veiga. Desta relación dedúcese que o único topónimo vencellado explicitamente á rota xacobea é o de **San Mamede do Camiño**.

San Mamede, mártir da Capadocia, tivo un foco excepcional de culto nos dominios da diócese de Lugo. O culto a este santo floreceu especialmente entre os séculos VI e XII en toda a Europa cristiá. Porén, no estado español a implantación mais marcada do mesmo deuse nos séculos X e XI, "*época de intensos intercambios culturais e relixiosos entre Francia e España, dos que foi a espiña dorsal o* ***Camiño de Santiago***" (ARES, 1991: 164).

No actual concello de Sarria temos documentada a existencia ben antiga do culto a San Mamede, cando menos xa desde mediados do século X, pois o ano 951 o primitivo **Mosteiro de Piñeira** contaba entre os seus santos padroeiros con San Xoán Baptista, San Miguel, San Paio e San Mamede (LÓPEZ VILLARABID, 1995: 57).

Coñecemos uns poucos documentos plenomedievais que eventualmente se poderían estar a referir a San Mamede do Camiño, pois no **Tombo de Samos** figura un núcleo de poboación sarriao designado sinxelamente como "San Mamede", que podería corresponder a S. Mamede da Chanca ou a S. Mamede do Camiño. Deste xeito, temos varios escritos documentais que se referen a un haxiotopónimo San Mamede ao longo dos séculos XI e XII nos seguintes termos: "*Sanctum Mametem*" / "*Sancto Mamete*" / "*Sanctum Mametum*" / "*villa de Sancto Mamete*" / "*terminos de Sancto Mamete*"... (LUCAS, 1986, Docs. N.º 58, 59, 73, 76, 81 e 134).

Na **España Sagrada** de Risco reprodúcese un documento de 1171 asinado pola condesa Dona Fronilde, dona do mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón, no que doa ao devandito mosteiro varias propiedades suas na vila de Sarria, entre as que se cita "*totam partem* ***de ecclesia scti. Mametis*** *et quantam hereditatem habeo in villa*". O investigador lucense Vázquez Saco suxire a posibilidade de que este *scti. Mametis* sexa San Mamede do Camiño (VÁZQUEZ SACO, 1949: 300, nota 2).

No **Codex Calixtinus** (s. XII) a devandita localidade non aparece citada, pois entre as vilas de Triacastela e Portomarín unicamente se refere a existencia da *villa Sancti Michaelis* e de *Barbadellus* (MORALEJO, TORRES e FEO, 1998: 216-217 e 506).

Na **Colección diplomática do Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón** inclúese un documento datado no ano 1261 que refere a cesión *en prestimonio* de varias igrexas lucenses, entre as que se atopa a cuarta parte "[da egle]*ya de Samamede*" (FERNÁNDEZ DE VIANA, 1995: 33, Doc. N.º 19). Non podemos garantir que ésta sexa S. Mamede do Camiño, e o propio editor interpreta esta referencia como San Mamede da Chanca, tamén en Sarria.

En 1348 Alfonso Rodríguez concedeu ao Cabido de Mondoñedo "(...) *quanta herdade el auia enno* ***couto de Sam Mamede*** *por uso de seu padre et mandoulla despoys sua morte. saluo a mea da cortinna de Linares que manda aa* ***iglesia de San Mamede*** (...). " (CAL, 2005: 2338, doc. N.º 911).

Sexa como for, malia á existencia de numerosas referencias a diversos haxiotopónimos sarriaos vencellados con San Mamede, o certo é que **non podemos garantir documentalmente a existencia da freguesía de San Mamede do Camiño na Idade Media**.

Porén, a presenza ao pé da cabeceira do templo dun sartego antropoide de granito suxírenos a **eventual existencia de unha necrópole cristiá medieval na contorna inmediata da capela**. Para alén disto, nas enquisas orais realizadas entre os veciños da zona informóusenos de que o dito sartego apareceu cando se procedía á ampliación do camiño que decorre de par da igrexa. Estamos, por tanto, perante un achado *in loco*, pois foi conservado xunto ao templo inmediato ao lugar da sua descoberta pola sua especial significación relixiosa, funeraria e simbólica.

A primeira referencia notarial claramente relacionada coa localidade sarriana de San Mamede do Camiño sería unha doazón ao mosteiro de Santa María Magdalena feita en 1523, na que se poden ler as seguintes palabras: "(...) *Sepan quantos esta carta de donacion vieren cómo yo Gonzalo López, clérigo de* ***San Mamede del camino francés*** (...)" (VÁZQUEZ SACO, 1945: 94). Esta alusión podería referirse á mentada localidade como lugar de exercicio da actividade ou como *origo* ou *natione* do coengo, ainda que, sexa como for, xa alude á existencia da freguesía sarriana de **San Mamede do Camiño**, localizada *in strata publica peregrinorum* ou en pleno itinerario francés.

A lóxica histórica e xeográfica levaríanos a pensar que durante a Idade Moderna (ss. XVI-XVIII) a localidade de San Mamede do Camiño tería mantido estreitas relacións de dependencia coas duas institucións monásticas máis próximas a ela: o **mosteiro de Santa María Madalena**, en Sarria, e o **cenobio da comunidade bieita samonense**. Por desgraza, a consulta das principais monografías correspondentes ás mesmas non nos permitiron poder confirmar documentalmente esta hipótese (LÓPEZ ARIAS, 1996 e ARIAS CUENLLAS, 1992). Por outra banda, aínda que ignoramos a data exacta da fundación do templo parroquial de San Mamede do Camiño, sabemos que a freguesía xa existía con ese mesmo nome cando menos desde comezos do século XVI e que o retábulo do edificio actual é de estilo neoclásico, datábel á volta da décimo séptima centuria, se atendemos a parámetros estilísticos (VALIÑA, 1975: 333).

En 1745 San Mamede do Camiño formaba parte do denominado "**Partido do Camiño Francés**", xunto coas parroquias de Pascais, Romelle, Estraxiz, Calvor, Monseiro, Lousada e Zoo.

O **Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar**, coordenado por Pascual Madoz e publicado no ano 1845, refere para a entrada de "Camino (San Mamed de)" unha interesante información

verbo do templo parroquial: "(...) *La igl. Parr. (San Mamed) es anejo de San Pedro de Seteventos*" (MADOZ, 1845: 212). Asemade, na voz "Seteventos (San Pedro de)", afírmase que a igrexa parroquial é "*matriz de San Mamed del Camino*" (MADOZ, 1845: 1225). Sabemos que a freguesía sarriana de **San Mamede do Camiño** foi suprimida como tal e anexada á de Santiago do Castelo dos Infantes no ano 1891 (VÁZQUEZ SACO, 1949: 300, nota 2). Se cadra por iso o antigo templo parroquial pasará a ser citado con posterioridade a esta data como **Capela de San Mamede do Camiño**, algo frecuente e habitual na bibliografía do século XX.

O historiador sarriao Diego Pazos y García non cita en absoluto a igrexa/capela de San Mamede do Camiño na sua obra **Apuntes acerca de la villa y comarca de Sarria**, o cal, sen dúbida algunha, non deixa de sorprender a calquera interesado pola historia desta localidade lucense (PAZOS, 1916).

Na **Geografía General del Reino de Galicia**, de F. Carreras i Candi, a redacción dos volumes correspondentes á provincia de Lugo correu a cargo do historiador Amor Meilán. Este investigador, ao tratar do concello de Sarria, citará a San Mamede do Camiño na relación de ermidas e capelas municipais, entre outras moitas (AMOR, 1939: 749). No **Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia** non figura na entrada correspondente ao concello de Sarria información algunha sobre a igrexa de San Mamede do Camiño (CASTILLO, 1972: 565-566).

Na coñecida **Guía do Peregrino a Compostela** de Elías Valiña unicamente se cita San Mamede do Camiño como localidade anterior a San Pedro do Camiño e posterior a Aguiada, sen maiores indicacións sobre o templo parroquial ou a capela homónima (VALIÑA, 1992: 125).

Na entrada da **Gran Enciclopedia Galega** correspondente á voz "Sarria" inclúese un apartado de *Patrimonio artístico* no que non figura recollida a

construción de San Mamede do Camiño (G.E.G., 2003, 40: 207-208). Nesta mesma obra de referencia, para "Camiño, O (San Mamede)", unicamente se ofrece a seguinte información "*Parroquia do concello de Sarria (Lugo), arciprestado de Sarria-Samos e diocese de Lugo. Ten 13 habitantes distribuídos nas entidades de poboación de Airexe, San Mamede e San Pedro. A igrexa parroquial dista 4,5 quilómetros da capital municipal e atravesa o seu territorio unha estrada local*" (G.E.G., 2003, 7: 82).

Na *Oficina Virtual do Catastro* a referencia catastral identificativa da capela de **San Mamede do Camiño** (H00100100PH33E0001RI), indica que o ano de construción do local principal nesta parcela con un único inmóbel corresponde á data de **1880**, sen maiores indicacións. Este dato, necesariamente errado *a priori*, entra en flagrante contradición coa información derivada do estudo das fontes que vimos citando.

Así, da pesquisa bibliográfica realizada tan só podemos deducir que a modestia edilicia desta construción e a ausencia de referencias bibliográficas específicas para a mesma non permiten coñecer a data exacta da erección desta igrexa. Porén, sabemos que, **para alén da eventual presenza *in loco* de unha necrópole baixomedieval, a freguesía de San Mamede do Camiño xa existía como tal cando menos desde 1523**.

05. CONDICIONANTES DA OBRA

05. 1. INCIDENCIA DAS OBRAS NO SUBSOLO

O *Proxecto de Rehabilitación da Igrexa de San Mamede do Camiño* asinado polos arquitectos J. Doncel e R. López especifica tres áreas de actuación:

- Área interior: actuación sobre o **pavimento do templo**, así como sobre os revestimentos das paredes interiores.

- Área exterior: actuación sobre a cuberta do inmoble e os paramentos. Realización de unha **gabia de drenaxe perimetral**.

- Área exterior circundante: actuación sobre **o adro da igrexa**, espazo ben definido por un muro perimetral, acondicionando os accesos e reordenando os nichos.

Como consecuencia directa das características específicas destas remocións de terras derívanse unha serie de condicionantes que non debemos esquecer á hora de propor unha actuación arqueolóxica:

- En primeiro lugar, unha das zonas de actuación correspóndese co adro eclesiástico, que eventualmente podería ter sido ocupado ao longo da historia como presumíbel local de enterramento colectivo en fosas e / ou sartegos individuais de inhumación con orientación canónica dos corpos en sentido Leste-Oeste.

- A outra zona de actuación, no interior do templo, podería asemade ter sido empregada como local de enterramento.

- Aínda hoxe están á vista unha serie de lápidas na superficie exterior da capela. Para alén disto, é preciso lembrar a presenza dos restos dun sartego de pedra no adro da igrexa, que, segundo os viciños, tería aparecido durante a realización dos traballos de ampliación do camiño.

- A superficie de terreno afectada no exterior non ofrece unha disposición regular en planta, estando condicionada polo feito de se dispor de xeito paralelo ao perímetro do inmoble, co cal a eventual apreciación de restos estruturais fica limitada a unha anchura de 0,60 m., que supón un claro atranco á hora de poder avaliar correctamente as características do rexistro arqueolóxico da zona afectada pola remoción de terras.

- Á gabia citada anteriormente habería que engadir outra superficie afectada no exterior, para o recercado dos nichos e o acondicionamento da entrada no templo, de novo con feitío irregular, e que proporciona unha lectura parcial do conxunto.

- Por outra banda, a cota de obra prevista ou potencia máxima dos sedimentos a retirar é de 0,60 m. no exterior e uns 0,30 m. no interior sobre a cota actual do terreno, o cal tamén limita a posibilidade de efectuar unha correcta e completa caracterización dos níveis de sedimentación existentes.

05.2. OBXECTIVOS

Tendo en conta os valores culturais do templo obxecto desta intervención e os condicionantes da obra que acabamos de expor, propúxose á administración competente a realización dun **control arqueolóxico da remoción de terras prevista**.

O principal obxectivo da intervención proposta foi realizar o seguimento e rexistro técnico das obras de remoción de terras que afectaron a grande parte da superficie da parcela da igrexa de San Mamede do Camiño. As ditas remocións tiveron como finalidade principal a adecuación da contorna inmediata para a rehabilitación do dito templo.

Para identificar e caracterizar os posíbeis restos arqueolóxicos existentes no subsolo da zona afectada polas obras de rehabilitación proxectadas, proponse unha lectura histórica en clave arqueolóxica do rexistro sedimentario, sempre na medida en que a dita intervención o permita.

05.3. METODOLOXÍA

O tipo de actividade que se desenvolveu está centrada na remoción de terras nunha pequena superficie do terreno previamente acotada para tal fin. Por iso, a metodoloxía proposta para a actuación arqueolóxica baséase na inspección e supervisión ocular permanente da totalidade dos labores de remoción de sedimentos previstos por parte dun técnico superior con formación arqueolóxica específica. A principal función realizada consistíu no rexistro gráfico e textual das ditas remocións para avaliar correctamente as potencialidades arqueolóxicas da zona obxecto de intervención.

O protocolo de actuación arqueolóxica prevista contempla a realización dun rexistro textual pormenorizado das principais unidades estratigráficas identificadas ao longo do proceso de supervisión, así coma o seu eventual levantamento planimétrico a diferentes escalas e o rexistro fotográfico dos labores en soporte dixital.

Decapaxe

A decapaxe realizouse sempre mediante **retirada controlada** das diferentes UU.EE. recoñecidas no decurso da remoción de terras. Cada Unidade Estratigráfica seguíu un proceso de rexistro semellante: recoñecimento, identificación, descrición, caracterización e interrelación deposicional cos outros elementos sedimentares identificados.

Cotas

Os valores altimétricos indicados no rexistro gráfico e textual das unidades estratigráficas identificadas teñen como ponto de referencia unha **cota cero** relativa, a partir da cal se expresan negativamente os valores correspondentes. **A cota 0 ou plano teórico ao cal se referen sempre negativamente todas as cotas recollidas no presente relatório sitúase 50 cm. por riba da actual soleira da entrada principal ou W da igrexa de San Mamede.**

Rexistro estratigráfico

A metodoloxía empregada para o rexistro estratigráfico será a correspondente ao denominado *sistema Harris*, adaptado ás particularidades do sitio e da secuencia, tanto no relativo á identificación como á nomenclatura e descrición das UU.EE. Procurarase establecer a orixe de cada UE e a sua relación coas demais imediatas a ela, agrupándoas por períodos que permitan efectuar unha lectura estratigráfica global do sitio, en clave arqueolóxica e histórica.

Rexistro de materiais arqueolóxicos

Non se documentou a presenza de materiais arqueolóxicos.

Rexistro gráfico e textual

Todo o proceso de intervención arqueolóxica foi rexistrado fotograficamente nas suas diversas fases, procedéndose á execución de

planimetrías a escalas axeitadas (1:50, 1:20 e/ou 1:10) en función do interese dos elementos postos ao descoberto. Asemade, este proceso foi recollido textualmente no correspondente *diario de campo*, con indicación pormenorizada dos labores executados e dos resultados obtidos, coa sua correspondente caracterización arqueolóxica.

05.4. EQUIPA TÉCNICA E MEIOS MATERIAIS

Tendo en conta a cantidade de terras a remover, as características da gabia a implantar, as suas dimensións e a sua localización, así como as necesidades específicas do sistema de rexistro proposto, o control arqueolóxico foi realizado por unha única **arqueóloga directora,** permanentemente presente en todos os labores de remoción de terras previstas. O persoal operario non especializado e as ferramentas necesarias para a remoción de terras foi facilitados pola empresa Neor, S.A., executora das labores de rehabilitación, e actuaron sempre baixo as indicacións e a supervisión da dirección arqueolóxica.

Verbo dos meios materiais necesarios para garantir unha axeitada execución do proxecto arqueolóxico, cóntase coas ferramentas de traballo específicas, así coma co correspondente material de medición, documentación fotográfica, documentación gráfica e textual, habitualmente empregados neste tipo de actuacións (piquetas, paletíns, vasoiras, cámaras fotográficas dixitais, escalímetros, xalóns, búsola, nível óptico, fita métrica, flexómetros...).

05.5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Comunicáronse as datas de inicio e remate da actuación arqueolóxica na Consellería de Cultura e Turismo, con destino ao Director Xeral do Patrimonio Cultural, segundo o establecido no artigo 9º, apartado 4, do Decreto 199/97, do 10 de Xullo.

Unha vez rematados os traballos arqueolóxicos, procedeuse á elaboración do presente informe-memoria, tal e como se recolle no Decreto 199/97, do 10 de Xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

05.6. TEMPO DE EXECUCIÓN

O desenrolo dos traballos de campo que afectaron ás tarefas de control arqueolóxico tiveron unha duración de **15 xornadas úteis de 8 horas**. Os traballos de remoción de terras tiveron lugar diferentes días dos meses de marzo, abril, maio, xuño, agosto e setembro.

06. REXISTRO ARQUEOLÓXICO

O obxecto deste control arqueolóxico, como xa indicamos, foi realizar o seguimento e rexistro técnico das obras de remoción de terras que afectaron a grande parte da superficie da parcela da igrexa de San Mamede do Camiño. As ditas remocións tiveron como finalidade principal a adecuación da contorna inmediata para a rehabilitación do dito templo.

A incidencia das obras proxectadas no subsolo da devandita parcela afectou aos depósitos arqueolóxicos situados até unha cota máxima prevista de -0,60 m. en relación co teórico plano superior da soleira de acceso da porta principal (W) do templo.

A cota 0 ou plano teórico ao cal se referen sempre negativamente todas as cotas recollidas no presente relatorio sitúase 50 cm. por riba da actual soleira da entrada principal ou W da igrexa de San Mamede.

Para unha maior claridade exporemos os resultados do control arqueolóxico por apartados individualizados, baseándonos nas distintas zonas de actuación: **muro do adro, gabia perimetral,** rebaixes en diversas áreas do **adro** para os solados de granito e a **escadaría** de acceso, e **interior**.

Acompañan a cada apartado un croquis individualizado das estruturas detectadas e as cotas relativas das mesmas, coa sua correspondente documentación fotográfica adxunta.

Antes de pasar a describir con maior detalle as distintas actuacións, referiremos que o desmontado do muro do adro foi un proceso particularmente clarificador á hora de observar a estratigrafía do terreno sobre o cal se asenta o templo.

Identificáronse claramente **catro *unidades estratigráficas deposicionais*** (UU. EE. DD.), que con maior ou menor potencia, se estenden, aparentemente, por toda a superficie do terreno. Estas UU. EE. DD. son as seguintes, ordenadas topograficamente en sentido descendente:

U. E. D. 001

Esta UED caracterízase como unha primeira camada de areas e escombro orixinada nas recentes obras de rehabilitación do templo, posto que a execución do saneamento das paredes, tellado, e outras actuacións que non implicaron remoción de terras, leváronse a cabo antes da actuación no subsolo.

A potencia deste **nível de obra** varía segundo as zonas, podendo ter de 3 a 15 cm., e ofrece materiais modernos como puntas de aceiro ou cravos, empregados para as ditas obras de rehabilitación. Como é obvio, amosa relación de posterioridade cronolóxica respeito á UED 002.

U. E. D. 002

Trátase dun nível de terra orgánica solta, de cor parda escura anegrazada, superficial, con un espesor e potencia de entre 10 e 20 cm., misturada con algo de cascallo de xisto e lousa, con abundante presenza de raíces.

A nível estratigráfico, a **terra orgánica** ocupa a totalidade da superficie afectada polas obras. Amosa relación de posterioridade cronolóxica respeito á UED 003, e anterioridade respeito á UED 001.

U. E. D. 003

A U. E. D. 003, caracterízase coma unha camada de terra solta, de cor parda acastañada, con un espesor e potencia irregular, que vai dos 10 aos 25 cm. A presenza de aportes líticos é abondosa, con moito cascallo de xisto e lousa de tamaño medio e pequeno, xunto a escasos fragmentos de tella curva. Conta asemade con abondosa presencia de raíces. Non se constata a presenza de materiais arqueolóxicos, salvo algún fragmento de vidro presumibelmente pertencente a algún xarro moderno e algún anaco de plástico indeterminado.

Corresponde a un **nível de recheo** por colmatación do espazo que rodea o templo. A nível estratigráfico, a UED 3 ocupa a totalidade da superficie afectada polas obras, e amosa unha clara relación de anterioridade cronolóxica e deposicional en relación coa UED 002. Por súa vez é posterior á UED 004.

U. E. D. 004

Esta unidade estratigráfica caracterízase como unha potente camada de terra arxilosa de cor castaño claro, con tendencia a roxiza ou amarelenta, bastante compactada e húmida, sen concorrencia de elementos vexetais e con presenza cáseque nula de cascallo, aínda que con concorrencia, non moi abondosa, de blocos de xisto ou lousas de tamaño medio. Conta asimesmo con presenza de fragmentos moi rodados de tella curva. A potencia desta UED é tamén irregular, de 10 a 40 cm.

É esta UED a que acolle as estruturas exhumadas durante as obras, que referiremos pormenorizadamente máis adiante.

Agora sí, pasaremos a referir **os resultados do control arqueolóxico** nas distintas zonas de actuación.

06.1 O MURO DO ADRO

A igrexa de San Mamede do Camiño eríxese sobre unha parcela de cota máis elevada que o solo do arredor, e delimitada por un muro de cachotería de xisto que define perfectamente o perímetro deste espazo sagrado.

Dito muro, no momento de comezar as obras de rehabilitación, atopábase nun estado de conservación heteroxéneo, posto que, se ben ofrecía un aspecto sólido nalgúns puntos, en zonas concretas achábase ao borde do derrube. Polo tanto, optouse por desmontar parcialmente dito muro até a cimentación e refacelo de novo. Perante a eventual aparición de restos arqueolóxicos nos perfís do terreno, contouse co control da arqueóloga directora durante a execución desta desmontaxe.

Zona NW

Neste punto o muro perimetral do adro encontrábase moi vencido cara fóra, a piques de desplomarse. A desmontaxe da cachotería realizouse de xeito manual por dous operarios da empresa Neor S.A., executora das obras de rehabilitación. Unha vez rematado o desmontado puido observarse que o muro asentaba directamente sobre o solo (UED 004), sen cimentación algunha. Logo da limpeza do espazo constatouse a presenza de duas lousas planas **(UEE 001)**, asentadas directamente sobre a mesma UED 004, que se atopaban antes desta actuación parcialmente cubertas polo muro e se metían no perfil do terreno. A lectura parcial da estrutura, xunto con a ausencia de materiais arqueolóxicos relacionados con esta UEE, así como de outros elementos estruturais relacionados con estas lousas fai practicamente imposíbel determinar a súa función. Poderían eventualmente formar parte dun enterramento, en relación con outras das estruturas exhumadas ao longo da intervención, como veremos máis adiante.

Imaxe do muro do adro na zona NW durante o proceso de desmontaxe manual

Imaxe do muro do adro na zona NW rematado o proceso de desmontaxe



Planta da UEE 001

Zona Sul

Na zona Sul o muro perimetral estaba en moi mal estado de conservación, totalmente desaparecido até a base en algúns puntos e moi alterado pola vexetación.

Procedeuse, como no caso anterior, á desmontaxe manual das pedras de cachotería, ate o nível da base. Fíxose asimesmo unha pequena gabia paralela ao muro, pola cara interior do adro, para comprobar o estado dos cimentos. Deste xeito, púidose comprobar a presenza de grandes coios de río asentados directamente sobre o solo (UED 004), que servían de alicerzado da cachotería.

Vista do templo dende o Sul na que se apreza o mal estado do muro do adro

Vista da cimentación do muro do adro na zona Sul

Durante o proceso de escavación e limpeza da dita gabia deixáronse á vista unha serie de estruturas de relativa importancia a nível arqueolóxico. En clara relación coa UED 004 atopamos unha serie de eventuais enterramentos a xeito de caixas de pedra, formadas por lousas fincadas, con tampa asimesmo de lousa e con orientación canónica L - W, bastante deterioradas, recheas da mesma UED 004, e sen materiais arqueolóxicos asociados. Estas estruturas foron individualizadas como Unidade Estratigráfica Estrutural 002 ou UEE 002 (a meridional) e Unidade Estratigráfica Estrutural 003 ou UEE 003 (a setentrional). Como é obvio, amosan relación de anterioridade cronolóxica en relación ao muro do adro.

Vista dende o W das UEE 003 (esquerda) e UEE 002 (dereita)



Planta das UEE 002 (arriba) e UEE 003 (abaixo)

Zona Leste

A parte oriental do muro perimetral do adro estaba bastante deteriorada, con amplas zonas derrubadas. Como nos outros casos, procedeuse á retirada manual da cachotería para poder proceder á súa restauración.

No perfil do terreno que fica descuberto pódese observar con claridade a estratigrafía, tal e como acontecía na zona noroccidental sobre a que xa se tiña actuado previamente.

Unha vez máis, na UED 004 observamos unha serie de estruturas arqueolóxicas que relacionamos con antigos enterramentos. Están formados por lousas fincadas conformando un espazo subrectangular, orixinalmente tapado, tal e como semella indicar a presenza de algúns elementos conservados, tamén de lousa. Coma nas estruturas rexistradas na zona Sul do adro, a orientación é L - W. Detectáronse catro estruturas en positivo, que denominaremos, de Sul a Norte, UEE 004, UEE 005, UEE 006 e UEE 007.

Documentouse asimesmo unha estrutura en negativo, pois no perfil apréciase con claridade a presenza de unha fosa, que será denominada UEE 008, situada xunto á UEE 004.

Vista dende o L da fosa ou UEE 008 (resaltada con trazo discontinuo) xunto á UEE 004

Vista cenital da UEE 004 (esquerda) e da UEE 005 (dereita)



Planta da UEE 004 (esquerda) e UEE 005 (dereita)



Vista dende o Leste e planta das UEE 006 (á esquerda da escala) e UEE 007 (á dereita da escala)



Perfil Leste do adro logo da desmontaxe do muro perimetral

Perante a constatación destas estruturas, informouse á Dirección Xeral de Patrimonio, e os seus técnicos dictaminaron, logo de unha visita ao lugar o 5 de xuño, que para proseguir co desenrolo das obras de rehabilitación, as ditas estruturas debían ser rexistradas e conservadas, tapándose con xeotextil e cubertas de novo con terra, antes de continuar coa reconstrución do muro.

Así, nesta zona oriental os arquitectos responsábeis proxectaron unha estrutura de ferro e formigón que aliviaría o peso do muro sobre os restos arqueolóxicos, conseguindo minimizar o impacto da obra sobre os ditos restos.

Proceso de tapado da UEE 001 con xeotextil e terra

Proceso de tapado das UEE 002 e 003 con xeotextil e terra

Proceso de tapado das UEE 004 - 008 con xeotextil e terra, e muro rematado

06.2. GABIA PERIMETRAL

O proxecto arquitectónico de rehabilitación implicaba a realización de unha gabia perimetral exterior continua, de anchura variábel entre 30 e 60 cm. e unha profundidade máxima de 60 cm. A apertura desta gabia fíxose de forma manual, comezando pola porta principal (W) do templo, e rodeando o perímetro completo da igrexa. Cómpre indicar que previamente se fixeron tres pequenas catas xunto ás paredes N e L da cabeceira, por expreso desexo do arquitecto responsábel, para comprobar a estabilidade da cimentación do templo.

A continuación pasaremos a referir os resultados arqueolóxicos obtidos ao longo da intervención.

A primeira das Unidades Estratrigráficas Estruturais durante o proceso de excavación da gabian será a **UEE 009**. Esta UE é unha estrutura muraria de **cimentación** do templo, situada inmediatamente por debaixo das paredes do mesmo. Permanecía oculta polas UED 001 e UED 002, adosándoselle claramente a UED 003 ou nível de recheo. Sobresae entre 5 e 15 cm. do plano vertical das paredes do templo e se desenvolve todo ao redor do mesmo. Realizouse en cachotería de xisto tomado con barro, ao igual que as paredes da igrexa.

Vista da cimentación do templo ou UEE 009 na parede Norte, antes do retranqueo da cabeceira

No desenrolo da gabia detectáronse unha serie de estruturas en lousa presumibelmente relacionadas coas xa constatadas durante a desmontaxe do muro do adro. Na parede Norte da capela identificáronse alomenos dous eventuais **enterramentos**, a xeito de caixas de pedra, formados por lousas fincadas, con tampa asimesmo de lousa e con orientación lixeiramente desviada da canónica L - W, pois neste caso é NL - SW.

Estas estruturas foron individualizadas, de W a L, como Unidade Estratigráfica Estrutural 011 ou **UEE 011** e Unidade Estratigráfica Estrutural 012 ou **UEE 012**. Relaciónanse coa UED 004, e ningunha ten materiais arqueolóxicos asociados. No perfil apréciase con claridade que son anteriores á erección da capela, pois obsérvase que están emprazadas a unha cota inferior que a cimentación da mesma, que se asenta sobre elas.

A UEE 011 conserva tres lousas dispostas de xeito horizontal, pousadas na UED 004. Poderían estar *in situ* e formar parte das tampas do enterramento.



Vista cenital e planta da UEE 011

A UEE 012 está aparentemente mellor conservada, pois se compón de alomenos seis lousas dispostas de xeito horizontal, pousadas na UED 004, a xeito de tampas, e unha máis, fincada, situada no que serían os pés da sepultura. Semellan estar *in situ*, e pouco alteradas.



Vista cenital e planta da UEE 012

Unha vez comprobadas as cotas de obra, constatouse a necesidade de proceder á desmontaxe parcial destas estruturas, que xa foran observadas na visita previa dos técnicos de Patrimonio, pois foron exhumadas xa nas catas de control da cimentación.

Esta desmontaxe levouse a cabo de xeito controlado e baixo supervisión arqueolóxica, e no proceso comprobouse que non existían restos relacionados coas mesmas. Na UEE 011 non existía ningún outro resto material relacionado coas lousas conservadas, e no caso da UEE 012, ao levantaren as tampas púidose comprobar a existencia de dúas lousas fincadas que eventualmente terían formado a parede do enterramento, e foron conservadas. Non se detectou presenza algunha de ergoloxías cerámicas ou osteolóxicas na desmontaxe.

As estruturas conservadas cubríronse con xeotextil antes de proceder á instalación do tubo corrugado e a grava.



Vista dende o Leste da UEE 012 desmontada e durante o proceso de tapado

Cómpre indicar que, ao tempo que se executaba a gabia, procedeuse asimesmo á limpeza do terreno circundante, deixando ao descuberto, na zona setentrional do adro, entre os nichos modernos e a parede da capela, unha serie de lousas planas dispostas de xeito ordenado e tendencialmente regular, coma se dun **solado** ou pavimento se tratase. Estas lousas parecen ter sido reaproveitadas da cuberta da capela, pois aínda se pode observar nelas as marcas dos cravos que eventualmente as manterían asentadas sobre o teito do templo. Esta estrutura foi denominada como Unidade Estratigráfica Estrutural 010 ou **UEE 010**. Como dixemos, está formada por unha serie de lousas ordeadas de xeito tendencialmente regular, con disposición L-W, asentadas sobre o nível de terra orgánica ou UED 002, co que amosa unha clara relación de coetaneidade. Este solado ou pavimento semella estar incompleto, pois conserva unha lousa moi próxima á parede do templo, e se aprecia un espazo baleiro entre a mesma e o resto do conxunto.



Planta do solado ou UEE 010

Vista dende o Leste do solado ou UEE 010

Esta estrutura foi tapada con xeotextil e terra para a sua óptima conservación á hora de levar a cabo o acondicionamento e recercado das tumbas modernas.

Proceso de tapado da UEE 010 e acondicionamento do entorno dos nichos

Tamén na parede da cabeceira, ou L, se detectou outra estrutura, neste caso a **UEE 013,** que podemos incluir dentro do grupo de **enterramentos** que foron rexistrados durante o control arqueolóxico. Como nos anteriores casos, sería unha "caixa" de pedra, da que podemos observar no pequeno espazo escavado duas lousas fincadas con orientación canónica L - W, e unha das tampas de lousa, neste caso en posición secundaria, pois está movida do lugar orixinal, apoiada no nível de barro ou UED 004. As lousas fincadas que formarían parte das paredes atópanse claramente por baixo da cimentación da capela ou UEE 009, o cal indica claramente que son anteriores á mesma.



Vista cenital da UEE 013 e planta da mesma

Na esquina SL constatouse a **UEE 014, enterramento** de características semellantes aos anteriores: unha caixa de pedra formada por lousas fincadas e tampas asimesmo de lousa, con orientación L - W, e sen materiais arqueolóxicos asociados. Esta UEE conservaba dúas das lousas das paredes e unha tampa *in situ*, para alén de outra tampa aparente desplazada do seu lugar orixinal. Tamén esta estrutura tivo que ser parcialmente desmontada para proceder á correcta instalación do tubo de drenaxe. Este proceso realizouse de xeito controlado, baixo a supervisión directa da arqueóloga, e non se atoparon ergoloxías asociadas á sepultura.

Vista cenital da UEE 014 e vista dende o SW do proceso de desmontaxe



Planta da UEE 014

A menos de meio metro cara o W, detectouse unha nova estrutura, a Unidade Estratigráfica Estrutural 015 ou **UEE 015**, que se trataría de outro **enterramento**, conservando duas lousas fincadas con orientación tendencialmente L -W, que eventualmente tería formado parte das paredes, e outra lousa fincada, máis pequena, situada nos pés da sepultura, a xeito de peche.



Vista dende o Leste da UEE 015 e planta da mesma

Nesta mesma parede Sul, e moi próxima á porta de acceso ao templo, constatamos a Unidade Estratigráfica Estrutural 016 ou **UEE 016.** Trátase dun novo **enterramento,** formado novamente por lousas fincadas a xeito de paredes, coa orientación canónica. Conservaba unha grande lousa fincada e outras duas que poderían ter sido tampas, movidas. Esta estrutura foi asimesmo desmontada baixo control arqueolóxico para poder executar correctamente as obras de drenaxe, e como nos anteriores casos, non ofreceu materiais arqueolóxicos asociados.



Vista cáseque cenital da UEE 016 e planta da mesma

Por último, a máis occidental das estruturas da parede S será a **UEE 017**. Nesta estrutura resulta menos doado apreciar a morfoloxía de "caixa" rectangular formada por lousas fincadas que viamos nas anteriores, pois as eventuais tampas están movidas e a visión en planta resulta un pouco confusa. Aínda así, pódese observar unha tendencia na orientación L - W e a presenza de alomenos duas lousas fincadas e outras en posición secundaria, movidas, que poderían ter sido as tampas.



Vista cenital da UEE 017 e planta da mesma

Como nos casos anteriores, tamén aquí houbo que proceder á desmontaxe parcial da estrutura para poder levar a cabo correctamente as obras de drenaxe do templo. Novamente diremos que nesta desmontaxe non se observou presenza algunha de materiais arqueolóxicos.

Todas as estruturas exhumadas durante o proceso de execución da gabia perimetral están asociadas á UED 004, resultando en apariencia coetáneas ao mesmo, pois nel se asentan, e son asimesmo cubertas parcialmente polo mesmo.

06.3. REBAIXE PARA SOLADO NA ZONA W

Fronte á porta principal do templo ou pòrta W, executouse un rebaixe da cota do terreno para a instalación dun solado de granito de feitío tendencialmente cuadrangular.

Durante o proceso de rebaixe, que coma sempre se realizou de xeito manual polos operarios da empresa Neor, S. A., rexistráronse as mesmas unidades

estratigráficas deposicionais que se observaran previamente nas anteriores actuacións. Asimesmo, documentouse unha estrutura formada por lousas planas dispostas con orientación L - W, asentadas sobre a propia UED 004.



Vista dende o SW da UEE 018 e planta da mesma

Esta estrutura será a Unidade Estratigráfica Estrutural 018 ou **UEE 018**. Tivo que ser parcialmente desmontada para facilitar a correcta instalación do tubo de drenaxe e o solado granítico fronte ao acceso ao templo. Esta desmontaxe realizouse de xeito controlado, sen rebaixar más a cota do terreo, e non se documentaron materiais arqueolóxicos, nin pedras fincadas a xeito de parede como nos outros enterramentos. Por isto, non podemos aventurar que se trate de outra sepultura, e fica rexistrada como unha estrutura **indeterminada**. Se cadra podería ter formado parte dun eventual pavimento antigo de acceso ao templo, pero como dicimos, as características e condicionantes da obra impiden afirmar nada con rotundidade.

Vista dende o W da UEE 018 desmontada

06.4. REBAIXE PARA SOLADO NA ZONA S

A zona meridional do adro foi asimesmo obxecto dun rebaixe da cota do terreno para regularizar o mesmo e instalar un solado de granito.

Dito rebaixe executouse de xeito manual e por capas. Constatáronse as mesmas catro unidades estratigráficas deposicionais que xa temos visto, e, como aconteceu nas anteriores ocasións, na UED 004 rexistráronse unha serie de estruturas en pedra que relacionamos con antigos enterramentos, e que son as que siguen.

A Unidade Estratigráfica Estrutural 019 ou **UEE 019** é a máis setentrional. O seu estado de conservación é aparentemente malo, pois só conserva tres lousas fincadas que poderían eventualmente ter formado as paredes da caixa, e outra lousa movida que se callar podería ter pertencido a unha das tampas. Polo feito de se atoparen movidas, non se aprecia con claridade unha orientación canónica. Aínda así, obsérvase unha tendencia L - W.



Planta das estruturas exhumadas no rebaixe da zona Sul do adro. Destacada a UEE 019

Da Unidade Estratigráfica Estrutural 020 ou **UEE 020** pouco podemos dicir, pois conserva só duas pedras fincadas, que presumibelmente terían formado parte da parede dun enterramento, tamén orientado tendencialmente L - W.



Planta das estruturas exhumadas no rebaixe da zona Sul do adro. Destacada a UEE 020

A Unidade Estratigráfica Estrutural **021** está nun estado de conservación relativamente bó. Obsérvase con claridade a orientación canónica Leste - Oeste do enterramento, así como alomenos tres grandes lousas fincadas que forman a caixa, e parte das tampas, varias delas partidas e afundidas cara dentro. Parece que esta sepultura foi alterada pola UEE 024, que a corta parcialmente pola parte SL, mesmo provocando a ilusión de que unha das súas pedras da parede forma parte da primeira. Isto indica unha relación de anterioridade cronolóxica da UEE 021 con respeito á UEE 022.



Planta das estruturas exhumadas no rebaixe da zona Sul do adro. Destacada a UEE 021

A Unidade Estratigráfica Estrutural 022 ou **UEE 022** sitúase inmediatamente ao Leste da anterior. O seu estado de conservación é menos bó, pero aínda podemos apreciar que se trataría de un enterramento semellante a aquel, conservando alomenos cinco lousas fincadas das paredes, así coma o a lousa fincada que indicaría o posíbel peche polos pés do dito enterramento. Esta pedra tamén parece cortar o espazo da UEE 021, o cal indicaría asimesmo posterioridade cronolóxica de esta respeito á aquela.



Planta das estruturas exhumadas no rebaixe da zona Sul do adro. Destacada a UEE 022

Ao sul destas estruturas, a Unidade Estratigráfica Estrutural 023 ou **UEE 023**. Conserva alomenos unha lousa fincada que tería pertencido á parede da "caixa", e varias lousas inclinadas, en posición secundaria, que eventualmente terían formado parte das tampas. O feito de se acharen en posición secundaria fai que a orientación L - W se atope lixeiramente desvirtuada neste enterramento.



Planta das estruturas exhumadas no rebaixe da zona Sul do adro. Destacada a UEE 023

A Unidade Estratigráfica Estrutural 024 ou **UEE 024** conserva un mínimo de cinco lousas fincadas que formarían as paredes da "caixa", así como varias das tampas. A orientación é claramente a canónica L - W. Este enterramento, como indicamos máis arriba, é posterior á UEE 021, pois resulta doado apreciar que corta a esta última.



Planta das estruturas exhumadas no rebaixe da zona Sul do adro. Destacada a UEE 024

Por último, a Unidade Estratigráfica Estrutural 025 ou **UEE 025** ofrece unha visión máis sesgada, se cabe, que as anteriores, pois se encontra por baixo da grande soleira granítica de entrada ao adro. Aínda así, é posíbel observar unha lousa fincada que podería ser o peche polos pés e outra que formaría parte de unha das paredes da caixa de pedra. Polo pequeno tamaño da estrutura, podería eventualmente ter sido o enterramento de un neno.



Planta das estruturas exhumadas no rebaixe da zona Sul do adro. Destacada a UEE 025

Como vimos, algunhas das estruturas non conservan as tampas. Isto permitíu observar o interior das mesmas sen necesidade de escavalas. Cómpre indicar que en ningún destes enterramentos se detectaron ergoloxías cerámicas nin osteolóxicas ou de calquera tipo. O recheo das sepulturas é a mesma UED 004 detectada en toda a superficie da obra, que resulta ser amáis o nível no que se asentan estas estruturas.

Vista dende o Leste das estruturas exhumadas no rebaixe da zona Sul do adro

Algunhas das estruturas exhumadas nesta zona Sul do adro resultaron estar situadas a unha cota superior á prevista para instalar o solado ou pavimento de granito que ía facilitar o acceso ao templo.

Ante este inconvinte, chegouse a un acordo co arquitecto responsábel para elevar lixeiramente a cota do dito pavimento e deste xeito **poder conservar intactas as estruturas arqueolóxicas,** que foron correctamente tapadas con xeotextil e grava, minimizando así o impacto da actuación de rehabilitación.

Vista dende o W do proceso de tapado con xeotextil e grava das estruturas exhumadas no adro

06.5. REBAIXE PARA ESCADARÍA DE ACCESO

Para construir a escadaría de acceso ao recinto foi necesaria a escavación previa de dúas pequenas gabias paralelas nas que se faría o encofrado para a estrutura. Durante a escavación destas dúas gabias non se detectaron evidencias arqueolóxicas de ningún tipo, nin estrutural nin material. O rexistro sedimentario non variou do xa coñecido.

A continuación inserimos unhas fotografías da obra.

Vista dende o SL da área de actuación para a escadaría, previa ao inicio da obra

Vista dende o L das gabias para o encofrado da escadaría

Vista dende o SL da escadaría, xa montada a estrutura de formigón

06.6. INTERIOR DO TEMPLO

Como se indicou no proxecto previo, estaba previsto rebaixar uns 30 cm. a cota do solo no interior do inmoble. Porén, durante o proceso de desescombrado e limpeza deste interior, comprobouse a presenza dun magnífico pavimento de grandes lousas de xisto nun estado de conservación bastante bó, polo que se decidíu conservalo, e mantelo como piso do templo. Así, procedeuse á limpeza do mesmo e non se alterou o subsolo.



Vista do interior do templo antes das obras e despois, onde se apreza o pavimento de lousas

07. CONCLUSIÓNS

O seguimento arqueolóxico da remoción de terras durante as obras de rehabilitación da igrexa de San Mamede do Camiño serviu para documentar a **existencia de estruturas que até agora permanecían soterradas**, ocultas durante os últimos séculos. De non terse realizado esta preceptiva actuación de control arqueolóxico das obras de remoción de sedimentos, toda esta inxente documentación material teríase perdido irremisibelmente ou, no mellor dos casos, continuaría a permanecer oculta baixo as obras efectuadas.

Rematadas as labores de control arqueolóxico, efectuado o rexistro, cómpre ofrecer alomenos unha breve lectura en clave histórica e/ou arqueolóxica dos resultados obtidos.

Como xa se indicou no seu momento no proxecto correspondente, as características da obra resultan un claro condicionante á hora de interpretar os datos obtidos, pois teremos sempre unha visión parcial e sesgada fornecida polo feito de estar limitados, en certas zonas, a unha anchura máxima de 60 cm., e noutros casos a unha cota bastante elevada no terreno.

En calquera caso, e como xa se advertíu no citado proxecto, existía a posibilidade de que no subsolo deste espazo houbese unha **necrópole**, como en efecto se comprobou. No pequeno espazo escavado rexistráronse alomenos vinte enterramentos en caixa de pedra, unha fosa, restos de un lousado exterior, e dúas estruturas indeterminadas (UEE 001 e UEE 018).

Durante o proceso de control e seguimento das obras non se documentaron materiais arqueolóxicos, o cal resulta unha eiva á hora de pretender unha achega á posíbel cronoloxía de dita necrópole. Con isto, vémonos abocados a estudar tan só a morfoloxía das tumbas, que como vimos son enterramentos a

xeito de caixas de pedra, formadas por lousas fincadas, coas correspondentes tampas tamén de lousas, e con orientación canónica L - W. Estas características non resultan tampouco o bastante significativas ou representativas de algún período concreto, puidendo pertencer a calquera momento da Idade Media ou posterior. En relación con isto, xa indicamos que a máis recuada referencia documental sobre San Mamede do Camiño como freguesía data de 1523 (VÁZQUEZ SACO, 1945:94), non existindo datos documentais concretos sobre este templo en datas anteriores, o cal non indica, por outra banda, que non existise no lugar algún templo mesmo dende o s. XII (VÁZQUEZ SACO, 1949:300, nota 2).

O rexistro arqueolóxico permitíunos comprobar que alomenos algunhas das tumbas eran anteriores á erección do templo (as vistas no perfil como por exemplo a UEE 012 ou a UEE 013), así como tamén se detectaron diferentes episodios de enterramentos (por exemplo a tumba UEE 022 ou a UEE 024 cortando a UEE 021).

Así, pouco podemos dicir máis que o control das obras de rehabilitación forneceu certa información sobre a existencia de unha necrópole cristiá posibelmente baixomedieval ou incluso moderna, con distintos episodios de enterramentos ao longo dun período indeterminado de tempo.

En Ferrol, a 10 de Outubro de 2010

A arqueóloga directora

Xulia Vidal Ibáñez

08. BIBLIOGRAFÍA

-AMOR MEILÁN, M. (1939): *Provincia de Lugo*, en F. Carreras i Candi (Coord.), *Geografía General del Reino de Galicia*. Barcelona, s/ed.

-ARES, N. (1991): "San Mamede na toponimia lucense", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 2, pp. 163-166.

-ARIAS CUENLLAS, M. (1992): *Historia del monasterio de San Julián de Samos*. Samos, Eds. Monte Casino.

-CAL PARDO, E. (2005): *Tumbos del Archivo de la Catedral de Mondoñedo. Calendarios*. Lugo, Ed. Deputación Provincial.

-CASTILLO, Á. (1972): *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. A Coruña, Ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

-DONCEL CERVIÑO, J. e LÓPEZ PIÑEIRO, R. (2008): *Proyecto de rehabilitación de la iglesia de San Mamede do Camiño*. Memoria inédita depositada na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

-FERNÁNDEZ DE VIANA, J. I. (1995): *Colección diplomática del Monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo, Ed. Deputación Provincial.

-G.E.G. [GRAN ENCICLOPEDIA GALEGA] (2003): s. v. "Camiño" e " Sarria", tomos 7 e 20. Lugo, Ed. El Progreso.

-LEDO CABIDO, B. [Dir.] (2005): *Galicia en comarcas. Lemos e Sarria*. A Coruña, Ed. La Voz de Galicia.

-LÓPEZ ARIAS, X. (1996): *Santa María Madalena de Sarria.* Lugo, Ed. Deputación Provincial.

-LÓPEZ VILLARABID, V. (1995): *Sarria.* León, Ed. Everest.

-LUCAS ÁLVAREZ, M. (1986): *El tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e índices.* Santiago de Compostela, Ed. Obra Social de Caixa Galicia.

-MADOZ, P. (1845): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar.* Madrid.

-MORALEJO, A., TORRES, C. e FEO, J. (1998): *Liber Sancti Jacobi "Codex Calixtinus".* Santiago de Compostela, Ed. Xunta de Galiza.

-NOMENCLATOR (2003): *Nomenclator de Galicia.* Santiago de Compostela, Ed. Xunta de Galiza.

-PAZOS, D. (1916): *Apuntes acerca de la historia de la villa y comarca de Sarria.* Madrid, Establecimiento Tipográfico de Jaime Ratés [Existe unha reedición facsimilar de 1980, publicada pola editorial lucense Alvarellos].

-VALIÑA, E. (1975): s. v. "CAMIÑO. Sarria", pp. 332-333, en VV. AA. *Inventario artístico de Lugo y su Provincia.* [Tomo I. Abadín-Campelo]. Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia.

-VALIÑA, E. (1992): *El Camino de Santiago.* Vigo, Ed. Galaxia.

-VÁZQUEZ SACO, F. (1945): "Sarria en el Camino francés de las peregrinaciones", *Boletín Provincial de la Comisión provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, tomo II, n.º 16, pp. 93-107.

-VÁZQUEZ SACO, F. (1949): "Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas arqueológicas", *Boletín Provincial de la Comisión provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, tomo III, n.º 31-32, pp. 299-307.

-VIDAL IBÁÑEZ, X. (2009): *Proxecto de control arqueolóxico da remoción de terras nas obras de rehabilitación da Igrexa de San Mamede do Camiño (Sarria, Lugo)*; depositado no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galiza.

09. ANEXOS

09. 1. Plano da área de actuación con as estruturas exhumadas

09. 2. Deseño con perfil Leste no que se observa a secuencia estratigráfica deposicional (UED 001, UED 002, UED 003, UED 004) e a relación con varias estruturas. Deseño con perfil Norte da cabeceira no que se observa cómo a UEE 012 está por baixo da UEE 009 ou cimentación do templo



CONTROL ARQUEOLÓXICO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA IGREXA DE SAN MAMEDE DO CAMIÑO (SARRIA, LUGO)

ARQUEÓLOGA DIRECTORA: XULIA VIDAL
PROMOTOR: CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO - XUNTA DE GALIZA

PLANO	ÁREA DE ACTUACIÓN	LÚNULA
1	OUTUBRO 2010	Patrimonio Cultural e Arqueoloxía



PERFIL LESTE DO TERRENO
UED 001, 002, 003 E 004
UEE 008 (FOSA), UEE 004, UEE 005, UEE 006, UEE 007



PERFIL NORTE DA PAREDE DA CABECEIRA DO TEMPLO
DESTACADA, A UEE 012, BAIXO A UEE 009 OU CIMENTACIÓN

CONTROL ARQUEOLÓXICO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA IGREXA DE SAN MAMEDE DO CAMIÑO (SARRIA, LUGO)

ARQUEÓLOGA DIRECTORA: XULIA VIDAL
PROMOTOR: CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO - XUNTA DE GALIZA

PLANO	PERFILES	LUNULA
2	OUTUBRO 2010	Patrimonio Cultural e Arqueoloxía